



WOS Festival x SON Estrella Galicia esgota os abonos dispoñibles para a súa oitava edición e activa este martes 26 a venda de entradas de día

Abdullah Miniawy, aya & MFO, Batu, Beatrice Dillon, BFlecha b2b Mwëslee, Carme López, Carrier, CCL, D̆rum, Grand River & Abul Mogard, Heinali & Adriana-Yaroslava Saienko, Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez, KAVARI, Klein, KUNTARI, Lord Spikeheart, Los Thuthanaka, Malandrómeda & Caamaño, Masayoshi Fujita, Nazar, Niecy Blues, Objekt, Purelink, Rainy Miller, Saint Abdullah, Eomac & Rebecca Salvadori, Sara Persico & Mika Oki, Simo Cell, Tarta Relena e ZULI conforman o line up de WOS 2025

A Sala Capitol e as naves da Fundación Laboral da Construción acollerán a programación musical nocturna do venres 12 e do sábado 13 respectivamente

A cidade de Santiago de Compostela será o escenario de 13 premieres de discos, directos ou concertos audiovisuais en España, incluíndo Los Thuthanaka a nivel europeo, e 10 estreos en territorio galego

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2025.- WOS Festival X SON Estrella Galicia vén de activar a venda de entradas de día para a súa oitava edición, logo de esgotar os dous tipos de abonos dispoñibles para asistir á celebración do evento, que terá lugar do 11 ao 14 de setembro en Santiago de Compostela.

Así, desde esta mañá, o público pode adquirir tanto na plataforma dice.fm coma Ataquilla.com os billetes individuais para asistir a calquera dos catro días de programación. Ademais, tanto o venres 12 coma o sábado 13 contarán con entradas exclusivas para acceder, a partir das 22:00 horas, ás sesións da programación musical nocturna que terán lugar na Sala Capitol e nas naves da Fundación Laboral da Construción, antiga curtidoría que se estreou coma sede do WOS no 2023 e que volverá transformar o espazo nunha pista de baile, a partir das 22:00h.

Deste xeito, desde hoxe pódense adquirir ata seis tipos de entradas diferentes para asistir aos directos e performance dos case 30 artistas internacionais e nacionais que pasarán por Santiago de Compostela en setembro. O xoves 11 o concerto inaugural virá da man da galega Carme López e do dúo catalán Tarta Relena, que presentará por primeira vez en Galicia o seu novo álbum És Pregunta.

Para o venres 12, o público poderá mercar unha entrada de día (que inclúe todos os concertos da xornada) ou de noite (que inclúen os específicos da Sala Capitol, na que haberá 4 premieres en España dos novos shows de Carrier, Los Thuthanaka -na súa estrea europea-, Purelink e Rainy Miller). De cara ao día seguinte, o sábado 13, as e os asistentes terán a opción de escoller entre unha entrada completa ou só de acceso



nocturno ás naves da Fundación Laboral (na que actuarán aya & MFO, Batu, Beatrice Dillon, CCL, KAVARI, Klein, Lord Spikeheart, Nazar, Objekt e Simo Cell).

Finalmente, o WOS Festival x SON Estrella Galicia despedirase até a súa nova edición o domingo 14 co concerto de clausura, cuxa entrada inclúe o acceso aos directos de Grand River & Abul Mogard e de Masayoshi Fujita.

WOS Festival X SON Estrella Galicia

WOS Festival x SON Estrella Galicia é o festival referente no ámbito da música electrónica e de vangarda a nivel estatal e festexará a súa oitava edición en Santiago de Compostela do 11 ao 14 de setembro. Ao longo de catro xornadas, o evento promovido pola produtora compostelá WORK ON SUNDAY ofrecerá unha programación coidada, multidisciplinar e de notable calidade artística, na que participarán numerosas figuras recoñecidas internacionalmente en máis de dez espazos emblemáticos da cidade, desde teatros e igrexas ata clubs e lugares inesperados. O vindeiro mes de setembro, o WOS reactivará a cidade cunha perspectiva única sobre o son e a cultura contemporánea.

O evento, recoñecido como Mellor Festival Indoor de Europa 2018 nos European Festival Awards, e que nos Iberian Festival Awards obtivo Mellor Promoción Turística 2018 e Mellor Festival Indoor Nacional 2023, conta co patrocinio principal de SON Estrella Galicia e co apoio institucional da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia -no marco de Concertos do Xacobeo-, Deputación da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Goberno de España a través da INAEM e Acción Cultural Española (AC/E); ademais de Gadis e Fundación Japón, Madrid.

Entradas de día WOS Festival 2025 (xa á venda en dice.fm e ataquilla.com)

Thursday - Opening concert: Carme López, Tarta Relena.

Friday: Abdullah Miniawy, Carrier, Djrum, Los Thuthanaka, Purelink, Rainy Miller, Sara Persico & Mika Oki.

Friday Night - Sala Capitol: Carrier, Djrum, Los Thuthanaka, Purelink, Rainy Miller.

Saturday: aya & MFO, Batu, Beatrice Dillon, BFlecha b2b Mwëslee, CCL, Heinali & Andriana-Yaroslava Saienko, Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez, KAVARI, Klein, KUNTARI, Lord Spikeheart, Malandrómeda & Caamaño, Nazar, Niecy Blues, Objekt, Saint Abdullah with Eomac & Rebecca Salvadori, Simo Cell, ZULI.

Saturday Night - FLC: aya & MFO, Batu, Beatrice Dillon, CCL, KAVARI, Klein, Lord Spikeheart, Nazar, Objekt, Simo Cell.

Sunday - Closing concert: Grand River & Abul Mogard, Masayoshi Fujita.



Programación musical WOS Festival 2025

Abdullah Miniawy (estrea en España)
aya & MFO present hexed! (estrea en España)
Batu (estrea en Galicia)
Beatrice Dillon (estrea en Galicia)
BFlecha b2b Mwëslee
Carme López
Carrier presents Rhythm Immortal (estrea en España)
CCL (estrea en Galicia)
Djrum
Grand River & Abul Mogard present In uno spazio immenso (estrea en Galicia)
Heinali & Andriana-Yaroslava Saienko present Гільдегарда (estrea en Galicia)
Ivy Barkakati b2b Breixo Martínez
KAVARI (estrea en España)
Klein (estrea en España)
KUNTARI (estrea en Galicia)
Lord Spikeheart (estrea en Galicia)
Los Thuthanaka (estrea en Europa)
Malandrómeda & Caamaño
Masayoshi Fujita (estrea en España)
Nazar (estrea en España)
Niecy Blues (estrea en Galicia)
Objekt
Purelink (estrea en España)
Rainy Miller presents Josehp, What Have You Done? (estrea en España)
Saint Abdullah, Eomac & Rebecca Salvadori present A Forbidden Distance (estrea en España)
Sara Persico & Mika Oki present Sphaïra (estrea en España)
Simo Cell (estrea en Galicia)
Tarta Relena (estrea en Galicia)
ZULI presents Lambda (estrea en España)

Sala de prensa https://cutt.ly/WOS2025_press

Contacto de prensa
Lucía Pita | 675 404 321 lucia@workonsunday.es